

733 Clara



33%



02:17h

00:48h



23kg



61%

56%

A agricultura do futuro nas túas mans

Lely Horizon

O seguinte elo no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e sáquelles o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.



Coñece máis sobre a gandería familiar Abrita SC

www.lely.com

farming innovators



4 Lely Astronaut A5



Robots para aumentar a eficiencia e a flexibilidade horaria

En Abrita SC (Portomarín, Lugo) robotizaron o muxido en outubro do pasado ano. A dificultade para atopar man de obra cualificada, a procura dun terceiro muxido e a posibilidade de aumentar o tempo libre foron algúns dos motivos polos que incorporaron catro unidades de Lely Astronaut A5.

TESTEMUÑOS

Manuel Rodríguez, Rubén Rodríguez e Pablo Cachafeiro

Abrita SC (Portomarín, Lugo) é unha explotación familiar formada por José Manuel Rodríguez e María Josefa Rodríguez, pais de Manuel e Rubén Rodríguez, quen tamén contan cun traballador externo. Manexan un total de 480 animais, dos cales moxen uns 250. A media de produción é de 38 litros/vaca/día, cunhas calidades dun 3,80 % de graxa e un 3,50 % de proteína.

En outubro do pasado ano decidiron dar o paso á robotización, motivados pola “falta de persoal cualificado, por conseguir un terceiro muxido e así aumentar a produción, ademais de mellorar a nosa calidade de vida”, explica Rubén. No momento de tomar a decisión de instalar Lely foi importante a valoración positiva que tiñan do servizo técnico, porque “sabíamos que era un dos mellores e nunha máquina

coma o robot, que traballa as 24 horas do día, é indispensable ter en conta este aspecto”.

Actualmente teñen catro unidades Lely Astronaut A5, nas que moxen unhas 58 vacas por cabina e, así mesmo, manteñen vacas na sala á espera dunha quinta unidade. “Nesta zona muximos vacas con baixa velocidade de muxido e aquelas que teñen algún problema sanitario, así optimizamos máis o traballo do robot”, apunta Manuel Rodríguez.

LELY ASTRONAUT A5, UNHA MÁQUINA MÁIS EFICIENTE

O Lely Astronaut A5 é un robot máis eficaz a nivel eléctrico que o seu antecesor, debido a que se eliminaron as electroválvulas do brazo. Mantén a estrutura de entrada e saída rectas e “todo isto fai que esta máquina sexa moito máis rápida e eficiente”, puntualiza Pablo Cachafeiro, delegado comercial de Lely en Pontevedra, Ourense e sur de Lugo.

Nesta gandería tiñan claro que incorporarían as máquinas máis modernas: “Consideramos que sería mellor meter o último modelo”. Lembran que a instalación das máquinas foi “rápida” e destacan que en menos dun mes estaban as catro unidades xa listas para funcionar. A chegada dos robots coincidiu cunha ampliación da nave: “Cando estábamos co proxecto de crecemento necesitabamos máis persoal, pero non o atopamos; entón decidimos incorporar os robots e, como xa estábamos en obras, desde Lely adaptáronse á construción nova para a súa instalación”, comenta Rubén.

En canto á adaptación dos animais, aclaran que estiveron durante 15 días asistindo aos robots só para comer penso e, pasado ese período, xa empezaron co muxido. “Quitando os dous primeiros días, que notaron a diferenza pola entrada lateral do brazo, as vacas están máis tranquilas e con moita máis liberdade”, detalla o mozo gandeiro.



**Nestes 10 meses
alcanzaron os 3 muxidos e
aumentaron a produción**

LELY HORIZON E LELY JUNO FLEX, DÚAS FERRAMENTAS FUNDAMENTAIS

Ademais dos robots, tamén dispoñen do programa de xestión Lely Horizon, que é compatible con todas as máquinas de Lely, con outros programas de xestión e con todo tipo de dispositivos. “Desde o meu punto de vista, unha das principais características deste sistema é a súa capacidade de analizar os datos e presentarlle ao gandeiro diversas solucións ante unha determinada circunstancia”, comenta Pablo Cachafeiro.

Manuel Rodríguez relátanos que xa manexaban outro programa para controlar a reprodución, “pero cando instalamos os robots tamén incorporamos o Lely Horizon e agora traballamos con ambos, xa que son compatibles e un transmite os datos ao outro”. En canto á información que ofrece, subliña que o Horizon “é máis específico no tema do leite, brinda máis parámetros sobre a saúde do ubre teto a teto e sobre a produción en xeral”. Así mesmo, nesta ganadería danlle importancia á posibilidade de acceder á aplicación desde calquera dispositivo, porque lles permite estar ausentes da explotación e saber se hai algún problema.

Doutra banda, tamén contan co Lely Juno Flex para arrimar a comida. “O arrimador tiñámolo moi pensado, é un aparello que funciona todo o día. Antes marchabamos ás 9 da noite e ata as 7 da mañá non volvíamos, pero o arrimador témolo programado para que pase cada 4 horas, polo que polas noites tamén arrima. Desta maneira, as vacas sempre teñen comida dispoñible e, se comen máis, producen máis”, destaca Manuel.

Así mesmo, coa chegada dos robots puxeron dous rascadores de Lely e sinalan que as vacas “están constantemente neles e gústalles moito”.

LELY CUMPRE AS EXPECTATIVAS

Desde que traballan cos robots relatan que lograron as metas que tiñan marcadas: “Chegamos á media de 3 muxidos e aumentamos entre 4 e 5 litros a produción por vaca e día”. Engaden que non lles fai falta tanto persoal e “diminuímos máis de dúas horas de traballo ao día”. Pola súa banda, Cachafeiro resume a situación actual en que “teñen unha maior eficiencia na súa produción e máis flexibilidade laboral para compaxinar coa súa vida familiar”.



**O próximo verán terán
instalada a quinta unidade**



**Dispoñen do arrimador de
comida Lely Juno Flex**

Manuel lembra que antes era “anti-robots” e, aínda que visitou diferentes explotacións, non se mostraba a favor destas máquinas. Con todo, agora recoñece estar “satisfeito” de traballar con elas.

De feito, os bos resultados ánimaos a continuar co proxecto inicial, que xa contaba con cinco unidades de muxido, catro que se instalarían nun primeiro momento e unha quinta dous anos máis tarde. “O obxectivo é chegar a unhas 500 vacas e poñer un quinto robot para así anular a sala e, en principio, para o próximo verán xa o teremos colocado”, apunta Manuel. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Ávila	+34 665 772 747
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

